



# PLAN DIXITAL

## *CEIP CASÁS*

V.1.0 28/06/ 2022

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. *Datos básicos do centro*
- 1.2. *Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro*
- 1.3. *Breve xustificación do mesmo*
- 1.4. *Proceso de elaboración*

### 2. Situación de partida

- 2.1. *Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais*
- 2.2. *Fontes empregadas para a análise DAFO*
- 2.3. *Análise DAFO*

### 3. Plan de Acción

- 3.1. *Obxectivos, indicadores e accións*
- 3.2. *Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas*

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. *Seguimento do Plan de Acción*
- 4.2. *Propostas de mellora (revisión)*

### 5. Difusión do PD

## 1. *Introdución*

### 1.1. *Datos básicos do centro*

*CEIP CASÁS*

*Directora: Verónica Eiravella*

*Correo: [ceip.casas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.casas@edu.xunta.gal)*

*Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasas/>*

*Etapas educativas: Infantil e Primaria*

*Nº de alumnado: 458*

*Nº de profesorado: 36*

### 1.2. *Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro*

- **Características socioeconómicas e culturais:** Un estudio socioeconómico da zona de influencia do centro deu como resultado un nivel medio-baixo, con lixeiras extrapolacións. A poboación de Lugo cidade traballa no sector de servizos e construción, nas Administracións Públicas e pequeno comercio. A zona rural, se dedica á gandería e á agricultura. En canto ó nivel cultural, apréciase a existencia dunha grande maioría de poboación que unicamente acadou estudos primarios, aínda que se nota unha tendencia de incremento de titulacións medias. Existe ademais, un sector de poboación marxinada notablemente.
- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.** Para o centro a competencia dixital e fundamental no momento que estamos a vivir. O centro participa en varios proxectos relacionados cas novas tecnoloxías como é robótica, E-Dixgal, Digicraft. Ademais de ter un aula virtual en funcionamento e impresión 3D.
- **Contribución do PD á Programación Xeral anual do curso 22-23.** Dentro da PXA inclúranse actividades que teñan que ver coas novas tecnoloxías como: audiovisuais, stop motion, radio...

### 1.3. *Breve xustificación do mesmo*

- **Contextualización normativa en relación con PD do noso centro:**
- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### 1.4. Proceso de elaboración

##### **Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.**

Formouse o equipo que está formado polo Equipo Directivo, a coordinadora TIC e unha mestra de Educación Primaria.

Para a elaboración do PD tívose en principio unha reunión do Equipo de Dinamización para plantexar a súa elaboración.

Posteriormente levouse a cabo outra reunión na que se estableceron as diferentes preguntas que ían formar parte do Selfie do centro.

Transmitiuse a información ao Claustro e posibilitouse a opción de axudar a aqueles membros do mesmo que o precisasen.

No referente ao alumnado fixéronse sesións específicas por grupos para a realización do Selfie coa presenza dun membro do Equipo de Dinamización para solucionar as posibles dúbidas xurdidas. Procedeuse a revisión e estudio dos resultados do Selfie.

Informouse ao Claustro do cuestionario que se debía levar a cabo sobre a competencia dixital. Un membro do Equipo de Dinamización estivo dispoñible para solucionar as posibles dúbidas xurdidas.

Levouse a cabo a sesión de formación do Equipo de Dinamización que proporcionou o ADIX e de seguido se convocou ao Claustro e recollidas todas as súas propostas procedeuse a creación do DAFO do centro.

Despois dunha segunda sesión levouse a cabo o plan de acción no que o Claustro se decantou por tres obxectivos.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital do centro:** O centro ten conexión wifi en todas as dependencias do mesmo e tamén conexión por cable.
- **Equipamento do centro:** Todas as aulas están dixitalizadas: ordenador, proxector, altofalantes e pantalla dixital.  
Tamén ten proxecto E-Dixgal en 5º e 6º de Primaria, co propio equipamento do mesmo enviados pola Consellería.  
Na sala de mestres hai dous ordenadores con conexión a Internet e unha fotocopiadora que foron compra directa do centro.  
Na biblioteca hai un ordenador para a xestión da mesma, e 6 ordenadores de consulta, todos eles compra directa do centro.  
Todos os departamentos teñen ordenador conectado a Internet, que tamén foron compra directa do centro.  
Hai 25 tablets para uso do alumando (compra do centro), equipo de 20 ultra portátiles para aula móbil (proporcionados pola Consellería) e varios equipos robóticos para o proxecto de robótica (algúns proporcionados pola Consellería e outros compra directa do centro) e material Digicraft para dito proxecto (proporcionado pola Consellería). Ademais conta con dúas impresoras 3D, compra directa do centro.
- **Servizos dixitais educativos:** O centro conta con Web e con aula virtual e E-Dixgal. Toda a comunicación cos pais/nais faise a través de abalarmóbil.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** A xestión do mantemento do equipamento do centro lévase a cabo polo Equipo de Dinamización TIC e por unha empresa externa os que son de compra directa do centro. Os que foron proporcionados pola Consellería o mantemento lévase a cabo polo Equipo de Dinamización TIC e pola UAC.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:** Non hai enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.0				
	Alumnado	2.9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.2				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	3.7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.4				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	4.1				

### Test CDD:

#### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>24</u>	<u>62.5</u>
PROVISIONAL	<u>6</u>	<u>8</u>	<u>75</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66.7</u>
DESRAZADO			

#### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72.3	<u>Integrador B1</u>	76.4	<u>Integrador B1</u>

## Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>3.6</u>
A2	<u>14</u>	<u>50</u>
B1	<u>6</u>	<u>21.4</u>
B2	<u>5</u>	<u>17.9</u>
C1	<u>2</u>	<u>7.1</u>
C2	<u>0</u>	<u>0</u>
<b>TOTAL</b>	<u>28</u>	<u>100</u>

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Impresora 3D Equipos actualizados en todas as aulas. Equipos informáticos para alumnado que non pode telos. Conexión wifi no centro. Asistencia técnica alta.	Problemas coa conexión wifi da Xunta. Brecha dixital para identificar e abordar retos. Falta de flexibilidade na maqueta Abalar Sistema operativo Linux.
	PERSOAL DOCENTE	Gran variedade de recursos variados Alta participación en proxectos interdisciplinares. Alto porcentaxe de profesorado definitivo no centro. Existe cultura de traballo colaborativo en rede por unha parte do profesorado. Parte do profesorado ten facilidade para buscar solución en relación a problemas dixitais. Parte do profesorado ten unha alta competencia dixital para axudar ao claustro. Alta experiencia no emprego de plataformas educativas e recursos dixitais por parte do alumnado e do profesorado.	Insuficiente verificación da calidade da información por parte do alumnado e descoñecemento dos dereitos de autor e licenzas de uso. Existen diferenzas notables no nivel de competencia dixital dun sector do profesorado. Baixo uso da tecnoloxía para avaliar e retroalimentación do alumnado. Boa parte do claustro ten unha baixa competencia dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE	Dotación informática. Gran involucración coa comunidade educativa.	Cambio no persoal administrativo
	ALUMNADO	Alta participación en proxectos interdisciplinares Edixgal 5º-6º Fomento do uso das TIC's na participación en proxectos interdisciplinares.	Pouca verificación da calidade da información
	FAMILIAS	Formación ás familias sobre o uso das TIC's no centro. Uso de recursos educativos abertos	Diferencias socioeconómicas do alumnado. Gran diversidade de aneas
	OFERTA	Ampla oferta formativa no centro. Formación ás familias sobre o uso das TIC's no centro.	Pouca participación nas formacións
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Un equipo directivo concienciado Alto porcentaxe de alumnado con acceso as TIC's Un bo equipo TIC Canles de comunicación entre toda a comunidade educativa.	Descoñecemento dos dereitos de autor. Falta dunha estratexia dixital. Falta de avaliación do progreso. Non existe reflexión sobre TIC's Insuficiente reflexión sobre as necesidades do DPC

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>Conexión wifi no centro, Abalar e da Xunta.</p> <p>Traballo con Edixgal en 5º-6º</p> <p>Participación en proxectos como robótica e Digicraft.</p> <p>Pfpp de formación dixital</p> <p>Gran cantidade de recursos online dispoñibles.</p>	<p>Falta de horario para coordinadores TIC e Edixgal</p> <p>Pouca funcionalidade de Linux.</p> <p>A pouca liberdade da maqueta Abalar para a creación de material dixital.</p> <p>Escasos medios materiais por parte da Administración</p>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<p>Lexislación en temas de novos delitos na entorna dixital.</p>	<p>Demasiada lexislación e pouco actualizada.</p>
	<b>CONTORNA</b>	<p>Nova apertura do centro comercial que mellorará a accesibilidade a medios dixitais para as familias</p>	<p>Falta de recursos dixitais.</p> <p>Un número limitado de afiliacións</p>
	<b>ANPA</b>	<p>Facilitadora en formación de axentes externos.</p>	<p>Pouca presenza de opcións a tecnoloxía dixital</p>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<p>Colaboración de proxectos dixitais co CIFP As Mercedes en deseño 3D e Drones</p> <p>Videoconferencias con persoas residentes noutros países.</p>	<p>O distanciamento social para poder colaborar presencialmente cos centros da contorna</p>



### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

<b>“Área/s de mellora”:</b>		<b>H: Competencias dixitais do alumnado</b>			
<b>OBXECTIVO (1)</b>	H4: Verificar a calidade da información				Acadado Non acadado
<b>Responsable</b>	Equipo TIC				
<b>Indicador/es do OBXECTIVO (2)</b>	Verificar a calidade da información en rede				
<b>Valor de partida (3)</b>	Non se coñece como verificar a información				
<b>Valor previsto (4)</b>	Aprender a buscar, seleccionar y recompilar información			<b>Data (4)</b>	Remate curso 22-23
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>Responsables (6)</b>	<b>Data prevista fin (7)</b>	<b>Recursos necesarios (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>
<b>AO1.1: Formación básica na verificación da calidade da información</b>	Coordinador TIC	O inicio do curso escolar, mes de setembro.	Coordinador TIC e profesorado con alta competencia dixital.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2: Creación dun repositorio de buscadores</b>	Coordinador TIC	Despois da formación básica	Coordinador TIC e Claustro		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Elaboración dun protocolo de verificación da calidade da información para o alumnado</b>	Coordinador TIC	1º trimestre do curso	Coordinador TIC		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

<b>AO1:4 Obradoiros de verificación da calidade da información por parte do alumnado</b>	Coordinador TIC Titor/a	2º e 3º trimestre	Coordinador TIC Titor/a		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	

<b>“Área/s de mellora”:</b>		<b>C: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS</b>					
<b>OBXECTIVO (1)</b>	C:5 Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro				Acadado Non acadado		
<b>Responsable</b>	Equipo Directivo e coordinador TIC						
<b>Indicador/es do OBXECTIVO (2)</b>	Existencia de persoa coordinadora con perfil técnico						
<b>Valor de partida (3)</b>	Non se dispón de horario para a asistencia técnica						
<b>Valor previsto (4)</b>	Dispor de horario lectivo para a asistencia técnica			<b>Data (4)</b>	Inicio curso 22-23		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>Responsables (6)</b>	<b>Data prevista fin (7)</b>	<b>Recursos necesarios (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>		<b>ESTADO</b>	
<b>AO2.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria para o coordinador TIC</b>	Equipo directivo e Inspección educativa	Setembro 2022	Persoa coordinadora			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO2.2: Organizar formación técnica específica para o coordinador TIC</b>	Coordinador TIC e Equipo Directivo	1º Trimestre	CAFI ou CFR			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO2.3: Elaborar un rexistro de incidencias técnicas</b>	Coordinador TIC	Semanal	Persoa coordinadora			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

<b>“Área/s de mellora”:</b>		<b>A: LIDERADO</b>				
<b>OBXECTIVO (1)</b>	A1: Elaborar un protocolo para a creación de produtos multimedia co alumnado.				Acadado Non acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo TIC					
<b>Indicador/es do OBXECTIVO (2)</b>	Crear e divulgar un protocolo de actuación para a creación de produtos multimedia co alumnado.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non existe					
<b>Valor previsto (4)</b>	Existencia dun protocolo de actuación			<b>Data (4)</b>	Remate curso 22-23	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>Responsables (6)</b>	<b>Data prevista fin (7)</b>	<b>Recursos necesarios (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>	
<b>AO3.1: Nomear a persoa coordinadora con dispoñibilidade horaria.</b>	Directora	Setembro 2022	Claustro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Elaborar un dossier co profesorado que ten programado crear produtos multimedia co alumnado.</b>	Coordinador TIC	15 outubro 2022	Claustro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3: Desenvolver formación no PFPP sobre a lexislación vixente nos dereitos de imaxe.</b>	Directora Coordinador TIC	Novembro 2022	Equipo directivo Coordinador TIC Profesorado CFR		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>AO3.4: Elaborar protocolo para a creación de produtos multimedia co alumando.</b>	Docentes asistentes ao PFPP	2º trimestre curso 2022-23	Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.5: Difusión do protocolo á comunidade educativa.</b>	Coordinador TIC	Abril 2023	Espazo web e diferentes canles de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.6: Explicación do protocolo a todas as familias e titores legais do alumnado.</b>	Directora Coordinador TIC	Maio 2023	Nas titorías do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro necesita un espazo no que poder montar un set de gravación tanto para audio como para vídeo para poder continuar realizando propostas audiovisuais xa que o espazo que estamos a utilizar non é axeitado.

Necesítanse paneis dixitais para poder interactuar varios alumnos e alumnas ao mesmo tempo para a realización de traballo colaborativo.

Encerados transparentes para o ensino virtual.

Tamén precisamos un equipo completo de radio: mesa de son, micrófonos, cables, ordenador, para poder continuar cos programas de radio.

Para o sistema de vídeo precisamos: croma grandes dimensións, focos de luz cálida, pértega de son, micrófonos lavalier, cámara de vídeo, ordenador potente para edición de vídeo

## 4. Avaliación do plan

Levarase a cabo una avaliación procesual trimestralmente, para elo irase avaliando o proceso das accións propostas como a formación do profesorado e do alumando.

Iranse valorando os resultados e en caso satisfactorio pasarase a seguinte fase e en caso contrario reforzarse a medida.

A avaliación final realizarase no mes de xuño e avaliaranse os obxectivos establecidos no plan e determinaranse as propostas de mellora para o curso seguinte.

## 5. Difusión do plan

A difusión do Plan levarase a cabo a través dos órganos oficiais: Claustro, Consello e web do centro, así como mensaxe en Abalar móbil de que está dispoñible.